




Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán

❶ CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES CASA DA COSTA
Lugar do Vilar, Carreira. 15960 Ribeira (A Coruña).
+34 881 867 645



REDE DE PARQUES NATURAIS

Guia e plano

Guía y plano



PARQUE NATURAL COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN



@MAmbienteXunta
cmatv.xunta.gal



Parque Natural Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán / Parque Natural Complejo dunar de Corrubedo y lagunas de Carregal y Vixán

O Parque Natural Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán foi declarado en 1992 cunha superficie de 996,25 hectáreas. Posúe varias figuras de protección entre elas a de zona húmida protexida Ramsar.

Conta con 5 km de costa fronte ao océano atlántico; 4 corresponden a areas pero tamén hai tramos rochosos e praias de pelouros. Formando parte do cordón dunar atópase a maior duna móbil de Galicia e dúas lagoas litorais:

- A lagoa de Carregal, ábrese ao mar a través do Río do Mar, polo que está sometida ao efecto das mareas. Rodeándoa obsérvase unha extensa marisma con abundantes xuncos e unha zona con presenza de turbeiras fósiles de varios centos de anos de antigüidade.

- Ao sur do Parque, a lagoa de Vixán de auga doce rodeada de canaveira illada do mar, salvo cando os temporais ou as mareas rompen o cordón de dunas que a separa del. Ademais, o bosque litoral e os terreos de cultivo fan que, no seu conxunto, este Parque teña unha elevada diversidade de flora e fauna.

No hábitat dunar residen aves ameazadas como a pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus*) e o pernilleiro (*Burhinus oedipnemos*). Acolle unha das mellores poboacións galegas do sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*) e numerosas plantas dunares endémicas como *Iberodes littoralis* Subsp. *gallaecia* e a orquídea *Spiranthes aestivalis*, incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Por tras das dunas fíxas aparece o mato de carpazas (*Cistus salviifolius*) e toxos (*Ulex* sp.) onde se agochan especies como o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*) e pequenos paxari-formes como a papuxa das amoras (*Sylvia atricapilla*) ou a carriza (*Troglodytes troglodytes*).

A masa forestal está constituída maioritariamente por piñeiros intercalados con pequenas croas de bosque autóctono, onde destaca o cerquiño (*Quercus pyrenaica*) e bosques de ribeira con amieiros e salgueiros.

A actividade humana deixa pegada nesta contorna, onde sempre se souberon aproveitar os recursos naturais dunha forma sustentable para que este lugar conserve a súa grande riqueza patrimonial, tanto natural coma cultural. Pegadas humanas de máis de 6000 anos, coa presenza de túmulos funerarios, ou mesmo poboados fortificados da idade de Bronce como o Castro de Porto Baixo. Restos de antigas tellerías son agora refuxio dunha gran biodiversidade de especies ameazadas, como o da poza de Olveira, onde habitan numerosos anfíbios, libelíñas ou mesmo o réptil considerado como o máis ameazado de Galicia, o sapoconcho común (*Emys orbicularis*). Obsérvanse numerosas áreas de cultivo de cereal, principalmente millo e patacas, con valados de pedra que separan as diferentes propiedades e tamén núcleos rurais con construcións tradicionais como hórreos ou muíños.

El Parque Natural Complejo dunar de Corrubedo y lagunas de Carregal y Vixán fue declarado en 1992 con una extensión de 996,25 hectáreas. Tiene varias figuras de protección, entre ellas la de humedal protegido Ramsar.

Cuenta con 5 km de costa frente al Océano Atlántico; 4 corresponden a arenales pero también hay tramos rocosos y playas de guijarros. Formando parte del cordón dunar se encuentra la mayor duna móvil de Galicia y dos lagunas litorales:

- La laguna de Carregal, que se abre al mar a través del Río do Mar, por lo que está sometida al efecto de las mareas. Rodeándola se observa una extensa marisma con abundantes juncos y una zona con presencia de turberas fósiles de varios cientos de años de antigüedad.

- Al sur del Parque, la laguna de agua dulce de Vixán rodeada de juncos aislados del mar, salvo cuando los temporales o mareas rompen el cordón de dunas que la separa de él.

Además, junto con el bosque litoral y los terrenos de cultivo, este Parque en su conjunto tiene una alta diversidad de flora y fauna.

En el hábitat dunar viven aves amenazadas como el chorlitejo patinegro (*Charadrius alexandrinus*) y el alcaraván común (*Burhinus oedipnemos*). Acoge una de las mejores poblaciones gallegas de sapo de espuelas (*Pelobates cultripes*) y numerosas plantas dunares endémicas como *Iberodes littoralis* Subsp. *gallaecia* y la orquídea *Spiranthes aestivalis* incluídas en el Catálogo Gallego de Especies Amenazadas.

Detrás de las dunas fijas aparece el matorral de carpazas (*Cistus salviifolius*) y tojos (*Ulex* sp.) donde se esconden especies como el lagarto verdinegro (*Lacerta schreiberi*) y pequeños passeriformes como la curruca capriotada (*Sylvia atricapilla*) o el chochín común (*Troglodytes troglodytes*).

La masa forestal está compuesta mayoritariamente por pinares intercalados con pequeñas zonas de bosque autóctono, donde destaca el rebollo (*Quercus pyrenaica*) y, bosques de ribera con alisos y sauces.

La actividad humana deja huella en este entorno, donde los recursos naturales siempre se han utilizado de forma sostenible para que este lugar conserve su gran patrimonio, tanto natural como cultural. Huellas humanas de más de 6000 años, con presencia de túmulos funerarios, o incluso asentamientos fortificados de la Edad del Bronce como el Castro de Porto Baixo. Restos de antiguas tejerías son hoy refugio de una gran biodiversidad de especies amenazadas, como la de la charca de Olveira, donde viven numerosos anfíbios, libélulas o incluso el reptil más amenazado de Galicia, el galápago europeo (*Emys orbicularis*). Se observan numerosas áreas de cultivo de cereales, principalmente maíz y patata, con muros de piedra que separan las diferentes propiedades y también núcleos rurales con construcciones tradicionales como hórreos o molinos.

RUTA 1

Camiño do Vento



baixa
baja



30 min



1,5 km



lineal
lineal



a pé
a pie



Inicio/Fin: Punto de Información de Olveira. Acceso non permitido a bicicletas e mascotas (excepto cans guía).

O "Camiño do vento" discorre pola pasarela de madeira sobre os campos de Olveira ata chegar próxima á duna móbil, dende onde podemos observar unha das paisaxes máis singulares do Parque.

Accesible para persoas con mobilidade reducida.

Inicio/Fin: Punto de Información de Olveira. No se permite el acceso de bicicletas y mascotas (excepto perros guía).

El "Camiño do vento" discurre por la pasarela de madera sobre los campos de Olveira hasta llegar a la duna móvil, desde donde podemos observar uno de los paisajes más singulares del Parque.

Accesible para personas con movilidad reducida.

RUTA 2

Camiño do Río do Mar



baixa
baja



1 h



3 km



lineal
lineal



a pé
a pie



Inicio/Fin: Punto de Información de Olveira. Acceso non permitido a bicicletas e mascotas (excepto cans guía).

O "Camiño do Río do Mar" permítenos coñecer a espléndida boca da marisma de Carregal, coas rochas graníticas da Pedra da Ferreira ao fondo, nun medio baixo constante influencia das mareas. A praia de Ladeira, moi próxima, é boa mostra do litoral areoso do Parque.

Inicio / Fin: Punto de Información de Olveira. No se permite el acceso de bicicletas y mascotas (excepto perros guía).

El "Camiño do Río do Mar" nos permite conocer la espléndida desembocadura de la marisma del Carregal, con las rocas graníticas de la Pedra da Ferreira al fondo, en un entorno bajo constante influencia de las mareas. La playa de Ladeira, muy cercana, es un buen ejemplo de la costa arenosa del Parque.

RUTA 3

Camiño da Praia



baixa
baja



30 min



1,5 km



circular
circular



a pé
a pie



Inicio/Fin: Centro de Recepción de Visitantes "Casa da Costa". Acceso non permitido a bicicletas e mascotas (excepto cans guía).

O "Camiño da Praia" discorre na súa maior parte polas pasarelas próximas ao Centro de Recepción de Visitantes. Destaca un miradoiro dende o que podemos contemplar toda a zona costeira do Parque, cunha paisaxe dominada por dunas vexetais.

Inicio / Fin: Centro de Recepción de Visitantes "Casa da Costa". No se permite el acceso de bicicletas y mascotas (excepto perros guía).

El "Camiño da Praia" transcurre en su mayor parte a lo largo de las pasarelas cercanas al Centro de Recepción de Visitantes. Destaca un mirador desde el que se divisa toda la zona costera del Parque, con un paisaje dominado por dunas vegetales.

RUTA 4

Camiño da Gandarela



baixa
baja



1h 30min.



3,5 km



circular
circular



a pé
a pie



Inicio/Fin: Centro de Recepción de Visitantes "Casa da Costa". Acceso non permitido a bicicletas e mascotas (excepto cans guía).

O "Camiño da Gandarela" atravesa unha das paisaxes máis orixinais do Parque, moi diferente dos terreos próximos. Por un lado, as dunas grises, dunas vexetadas con diversas plantas de pequeno tamaño, que sobreviven nun medio seco. Por outro, as beiras da extensa marisma do Carregal con xuncos e outras herbáceas adaptadas aos cambios diarios da marea.

Inicio / Fin: Centro de Recepción de Visitantes "Casa da Costa". No se permite el acceso de bicicletas y mascotas (excepto perros guía).

El "Camiño da Gandarela" atraviesa uno de los paisajes más originales del Parque, muy diferente a los terrenos próximos. Por un lado, las dunas grises, dunas vegetadas con varias plantas de pequeño tamaño, que sobreviven en un ambiente seco. Por otro lado, las riberas de la extensa marisma de Carregal con juncos y otras herbáceas adaptadas a los cambios diarios de la marea.

RUTA 5

Camiño da Auga



baixa
baja



1 h 30min



3 o 4 km



circular
circular



a pé
a pie



Inicio/Fin: Aparcadoiro do Vilar. Acceso non permitido a bicicletas e mascotas (excepto cans guía).

A auga colle protagonismo neste camiño que permite achegarnos ata o río Amendo que desemboca en a lagoa de Vixán (auga doce). El camiño en si ten unha interesante riqueza patrimonial e etnográfica con construcións populares como valados de pedra, hórreos ou muíños.

Inicio / Fin: Aparcamiento de O Vilar. No se permite el acceso de bicicletas y mascotas (excepto perros guía).

El agua cobra protagonismo en este camino que nos permite acercarnos al río Amendo que desemboca en la laguna de Vixán (agua dulce). El camino en sí tiene una interesante riqueza patrimonial y etnográfica con construcciones populares como muros de piedra, hórreos o molinos.

Decálogo de boas prácticas no Parque Natural Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán

1. INFÓRMATE das normas e itinerarios do Parque para evitar impactos que afecten os seus valores. Consulta a previsión do tempo así como o estado das mareas. Se tes dúbidas, pregunta no teléfono do Parque (881 86 76 45), persoalmente no Centro de Visitantes do Vilar (Carreira, Ribeira) ou na web [Galicia Natural e Única](https://galicianaturaleunica.xunta.gal/sites/default/files/mapas/plano_corrubedo_web_gl.pdf).

2. EQUIPATE. Leva roupa e calzado axeitado e realiza actividades acordes ás túas capacidades. Lembra ter sempre cargado o móbil: o 112 é o teléfono de emerxencias e o 091 o da Policía Nacional.

3. MÓVETE unicamente polas rutas e sendeiros de uso público (https://galicianaturaleunica.xunta.gal/sites/default/files/mapas/plano_corrubedo_web_gl.pdf). Transitar fóra dos camiños perturba a fauna e dana a flora e os hábitats do Parque e tamén pode ser unha vía de introdución de plantas exóticas.

4. VALORA ESTE TESOURO E NON DEIXES PEGADA. Extrema a precaución non mo molestar os animais ou danar a vexetación. Recolle os teus desperdicios e non deixes rastro do teu paso. Recorda que tampouco debes levar máis do que traes. Cada cuncha, planta, grao de area... ten a súa función no ecosistema.

5. DEIXA O TEU COCHE nos aparcadoiros habilitados, situados en:

- ✓ Olveira
- ✓ O Vilar
- ✓ Centro de Visitantes (para este aparcadoiro precísase autorización previa)

6. RESPONSABILÍZATE DA TÚA MASCOTA. Na zona de uso limitado do Parque (lagoas e zonas de dunas) así como na praia, o acceso con mascotas non está permitido xa que supoñen unha importante alteración ás especies que alí habitan. No resto do Parque pódese acceder con mascotas polos sendeiros habilitados sempre que estean suxeitas con correa.

7. GOZA DO DEPORTE.

- ✓ Permítese a realización de surf e paddle surf de xeito individual. Para a práctica do windsurf, permítese o acceso a pé dos windsurfistas na zona da Ladeira, no límite norte do Parque Natural, coas velas previamente aparelladas no exterior do parque.
- ✓ Se vés en bicicleta ou a caballo consulta as rutas que podes seguir. (https://galicianaturaleunica.xunta.gal/sites/default/files/mapas/plano_corrubedo_web_gl.pdf).
- ✓ Se realizas algunha actividade en grupo organizado, será precisa autorización previa.

8. CONECTA COA NATUREZA a través dos sentidos, camiña sen prisa e goza. Podes participar nalgunha das actividades de educación ambiental gratuítas ofertadas polo Parque.

9. RESPECTA A POBOACIÓN LOCAL E CONSUME LOCALMENTE.

- ✓ Hai xente que vive neste Parque; valora os seus usos e costumes.
- ✓ Evita obstruír camiños ou accesos a vivendas e non entrar en terreos particulares.
- ✓ Facendo uso de tendas, bares e restaurantes da contorna do Parque axudas á economía local.

10. COLABORA coa conservación e xestión do Parque Natural. Lembra que non está permitida a acampada libre nin facer lume. Axúdanos a mellorar coas túas achegas ao Centro de Recepción de Visitantes ou a través do correo electrónico parque.natural.corrubedo@xunta.gal

Decálogo de buenas prácticas en el Parque Natural Complejo dunar de Corrubedo y lagunas de Carregal y Vixán

1. INFÓRMATE de las normas e itinerarios del Parque para evitar impactos que afecten a sus valores. Consulta la previsión meteorológica y el estado de las mareas. Si tienes alguna duda, pregunta en el teléfono del Parque (881 86 76 45), presencialmente en el Centro de Visitantes Vilar (Carreira, Ribeira) o en la web [Galicia Natural e Única](https://galicianaturaleunica.xunta.gal/sites/default/files/mapas/plano_corrubedo_web_es.pdf).

2. EQUIPATE. Lleva ropa y calzado adecuados y realiza actividades de acuerdo a tus capacidades. Recuerda llevar siempre tu teléfono móvil: el 112 es el teléfono de emergencias y el 091 es el de la Policía Nacional.

3. MUÉVETE solo en rutas y caminos de uso público (https://galicianaturaleunica.xunta.gal/sites/default/files/mapas/plano_corrubedo_web_es.pdf). Transitar fuera de los caminos marcados perturba la vida silvestre y daña la flora y los hábitats del parque y también puede ser una vía de introducción de plantas exóticas.

4. VALORA ESTE TESORO Y NO DEJES HUELLA. Extrema la precaución para no molestar a los animales ni dañar la vegetación. Recoge tus residuos y no dejes rastro de tu paso. Recuerda que no debes llevar más de lo que traes. Cada concha, planta, grano de arena... tiene su función en el ecosistema.

5. DEJA TU COCHE en los parkings habilitados, ubicados en:

- ✓ Olveira
- ✓ O Vilar
- ✓ Centro de visitantes (se requiere autorización previa para este aparcamiento)

6. ASUME LA RESPONSABILIDAD DE TU MASCOTA. En el área de uso limitado del Parque (lagunas y áreas de dunas) así como en la playa, no se permite el acceso con mascotas ya que son una alteración significativa para las especies que allí habitan. En el resto del Parque se puede acceder con mascotas por los senderos habilitados siempre que estén sujetas con correa.

7. DISFRUTA DEL DEPORTE.


- ✓ Está permitido realizar surf y paddle surf de forma individual. Para la práctica del windsurf, está permitido el acceso a pie de los windsurfistas en la zona de Ladeira, en el límite norte del Parque Natural, con las velas previamente aparejadas en el exterior del parque.
- ✓ Si vienes en bici o a caballo, consulta las rutas que puedes seguir. (https://galicianaturaleunica.xunta.gal/sites/default/files/mapas/plano_corrubedo_web_es.pdf).
- ✓ Si realizas alguna actividad grupal organizada, se requerirá autorización previa.

8. CONÉCTATE CON LA NATURALEZA a través de los sentidos, camina tranquilamente y disfruta. Puedes participar en cualquiera de las actividades gratuitas de educación ambiental que ofrece el Parque.

9. RESPETA A LA POBLACIÓN LOCAL Y CONSUME LOCALMENTE.

- ✓ Hay gente que vive en este Parque; valora sus usos y costumbres.
- ✓ Evita obstruir caminos o accesos a viviendas y no entrar en terrenos privados.
- ✓ El uso de tiendas, bares y restaurantes alrededor del Parque ayuda a la economía local.

10. COLABORA con la conservación y gestión del Parque Natural. Recuerda que no se permite la acampada libre ni el fuego. Ayúdanos a mejorar con tus aportaciones al Centro de Recepción de Visitantes a través del correo electrónico parque.natural.corrubedo@xunta.gal



1. Punta da Laxe Brava

2. Faro Corrubedo

3. Área Recreativa Laxe da Gata

4. Área Recreativa de Espiñeirido

5. Monte Taúme

6. Dolmen de Axeitos

7. Hospital do Barbanza

8. Praia da Ladeira

9. Campos de Olveira

10. Aparcadoiro de Olveira

Punto de Información

11. Pedrecelos

12. Duna móbil

13. Charca de Olveira

14. Pedra da Ferreira

15. Río do Mar

16. Marisma de Carregal

17. Río Longo

18. Río Sirves

19. Pedras das Pozas

20. A Gandarela

21. Trumiáns

22. Río Sanchanás

23. Monte da Lavandeira

24. As Martiñas

25. Rego da Cidade

26. Praia do Vilar

27. Túmulo de Pipín

Mina de wolfran

Miradoiro

Fonte de Pipín

28. Centro de Visitantes "Casa da Costa"

29. CIELGA

30. Castro Cidade

Miradoiro Pedra da Rá

31. Área Recreativa de San Roque

32. Aparcadoiro do Vilar / Cafetería

33. Castro de Porto Baixo

34. Observatorio ornitolóxico

35. Lagoa de Vixán

36. Campos de Amendo

37. Muíños de Amendo

38. Punta da Graña

39. Área Recreativa de Couso

40. Punta de Couso

- i

Punto de información

Punto de información

🏠

Centro de visitantes

Centro de visitantes

H

Hospital

Hospital

P

Aparcadoiro

Aparcamiento

⛴

Área Recreativa

Área Recreativa

☕

Cafetería / Restaurante

Cafetería / Restaurante

🌿

Fonte

Fuente

☂

Praia

Playa

🔭

Miradoiro

Mirador

🔭

Observatorio ornitolóxico

Observatorio ornitológico

🧠

Patrimonio arqueolóxico e etnográfico

Patrimonio arqueológico y etnográfico

⚙

Muíño

Molino

🗼

Faro

Faro

Rutas

Camiños do parque natural

🚶

Camiño do Vento

🚴

Camiño da Praia

🌊

Camiño da Auga

🌊

Camiño do Río do Mar

🌊

Camiño da Gandarela

Zonificación

🌊

Uso Limitado

🌿

Uso Compatible

🌞

Uso Xeral

🚶

Acceso á Praia

🚶

Camiño de Santiago

Depósito legal: C1988-2021

Edita: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

The map displays the Ría de Arousa Natural Park, a coastal wetland area in Galicia, Spain. It features a network of trails (Camiños do parque natural) color-coded by zone: Camiño do Vento (red), Camiño da Praia (orange), Camiño da Auga (blue), Camiño do Río do Mar (purple), and Camiño da Gandarela (pink). The park is divided into three management zones: Uso Limitado (light blue), Uso Compatible (green), and Uso Xeral (yellow). Key locations marked include Corrubedo, A Pedra do Pino, Teira, Espiñeirido, Olveira, Reirís, Bretal, Sirves, Aguiño, A Graña, Vixán, Vilarinho, O Vilar, Casal Novo, Goda, Perdigoteira, Viñas, A Ponte, As Bouciñas, Os Muiños, Axeitos, Gude, O Castro, Artes, Fríons, Carreira, A Ribeira, Castiñeiras, and A Pobra do Caramiñal. Numbered points of interest (1-40) are scattered throughout the park, corresponding to the legend. Icons for various facilities like information points, visitor centers, hospitals, parking, recreational areas, cafes, fountains, beaches, observatories, archaeological sites, mills, and lighthouses are also present. Major roads like AP-9 and AG-11 are shown at the bottom.